


ANTOLOGIA POÈTICA FEMINISTA

# Yolanda Castaño: quan deixo de ser flor, molesto

Yolanda Castaño



*A continuació reproduïm la selecció de poemes de Yolanda Castaño en la seva versió original en gallec. A sota de cada poema, s'adjunta també la traducció al castellà feta per la mateixa autora.*

## HISTORIA DA TRANSFORMACIÓN

*Historia da transformación* parla de la identitat entrelaçada per una perspectiva de gènere, però també per tota la problemàtica associada a la representació d'aquesta identitat. Els estereotips de gènere vinculats a la imatge tradicional de la dona escriptora, les expectatives que es generen entorn a la seva projecció pública i, en general, a la projecció pública de les dones; què significa créixer i entrar en una arena pública marcadament patriarcal, i el mirall que aquesta societat ens retorna.

Foi primeiro un trastorno  
 unha lesiva abstinencia de nena eramos pobres e non tiña nin aquilo  
 raquíca de min depauperada antes de eu amargor carente unha  
 parábola de complexos unha síndrome unha pantasma  
 (Aciago a partes iguais botalo en falla ou lamentalo)  
 Arrecife de sombra que rompe os meus colares.  
 Foi primeiro unha branquia evasiva que  
 non me quixo facer feliz tocándome co seu sopra  
 son a cara máis común do patio do colexio

a faciana eslamiada que nada en nada sementa  
telo ou non o tes renuncia afaite traga iso  
corvos toldando nubes unha condena de frío eterno  
unha paciente galerna unha privada privación  
(nena de colexio de monxas que fun saen todas  
anoréxicas ou lesbianas a  
letra entra con sangue nos cóbados nas cabezas nas  
conciencias ou nas conas).  
Pechei os ollos e desexei con todas as miñas forzas  
lograr dunha vez por todas converterme na que era.

Pero a beleza corrompe. A beleza corrompe.  
Arrecife de sombra que gasta os meus colares.  
Vence a madrugada e a gorxa contén un presaxio.  
Pobre parviña!, obsesionácheste con cubrir con aspas en vez de  
co seu contido.  
Foi un lento e vertixinoso agromar de flores en inverno  
Os ríos saltaban cara atrás e resolvíanse en fervenzas rosas  
borboletas e caracois nacéronme nos cabelos  
O sorriso dos meus peitos deu combustible aos aeroplanos  
A beleza corrompe  
A beleza corrompe  
A tersura do meu ventre escoltaba á primavera  
desbordaron as buguinas nas miñas mans tan miúdas  
o meu afago máis alto beliscou o meu ventrículo  
e xa non souben qué facer con tanta luz en tanta sombra.

Dixéronme: “a túa propia arma será o teu propio castigo”  
cuspíronme na cara as miñas propias virtudes neste  
clube non admiten a rapazas cos beizos pintados de vermello  
un maremoto sucio unha usura de perversión que  
non pode ter que ver coa miña máscara de pestanas os  
ratos subiron ao meu cuarto enluzaron os caixóns da roupa branca  
litros de ferralla alcatrán axexo ás agachadas litros  
de control litros de difamadores quilos de suspicacias levantadas  
só coa tensión do arco das miñas cellas deberían maniatarte  
adxudicarte unha estampa gris e borrarate os trazos con ácido  
¿renunciar a ser eu para ser unha escritora?  
demonizaron o esguío e lanzal do meu pescozo e o  
xeito en que me nace o cabelo na parte baixa da caluga neste  
clube non admiten a rapazas tan ben adobiadas  
Desconfiamos do estío  
A beleza corrompe.  
Mira ben se che compensa todo isto.

## HISTORIA DE LA TRANSFORMACIÓN

Fue primero un trastorno  
una lesiva abstinencia de niña éramos pobres y no tenía ni aquello  
raqútica de mí depauperada antes de yo amargor carente una  
parábola de complejos un síndrome un fantasma.

(Aciago a partes iguales echarlo en falta o lamentarlo)  
 Arrecife de sombra que rompe mis collares.  
 Fue primero una branquia evasiva que  
 no me quiso hacer feliz tocándome con su soplo  
 soy la cara más común del patio del colegio  
 el rostro insustancial que nada en nada siembra  
 lo tienes o no lo tienes renuncia acostúmbrate traga eso  
 cuervos toldando nubes una condena de frío eterno  
 una paciente galerna una privada privación  
 (niña de colegio de monjas que fui salen todas  
 anoréxicas o lesbianas la  
 letra entra con sangre en los codos en las cabezas en las  
 conciencias o en los coños).  
 Cerré los ojos y empecé a desear con todas mis fuerzas  
 lograr de una vez por todas convertirme en la que era.

Pero la belleza corrompe. La belleza corrompe.  
 Arrecife de sombra que gasta mis collares.  
 Vence la madrugada y la garganta contiene un presagio.  
 ¡Pobre bobita!, te obsesionaste con cubrir con cruces en vez de  
 con su contenido.  
 Fue un lento y vertiginoso brotar de flores en invierno  
 Los ríos saltaban hacia atrás y se resolvían en cataratas rosas  
 lamparillas y caracoles me nacieron en los cabellos  
 La sonrisa de mis pechos dio combustible a los aeroplanos.  
 La belleza corrompe  
 La belleza corrompe  
 La tersura de mi vientre escoltaba a la primavera  
 se desbordaron las caracolas en mis manos tan menudas  
 mi más alto halago pellizcó mi ventrículo  
 y ya no supe qué hacer con tanta luz en tanta sombra.

Me dijeron: "tu propia arma será tu propio castigo"  
 me escupieron en la cara todas mis propias virtudes en este  
 club no admitimos a chicas con los labios pintados de rojo  
 un maremoto sucio una usura de perversión que  
 no puede tener que ver con mi máscara de pestañas los  
 ratones subieron a mi cuarto ensuciaron los cajones de ropa blanca  
 litros de ferralla alquitrán acecho a escondidas litros  
 de control litros de difamadores kilos de suspicacias levantadas  
 sólo con la tensión del arco de mis cejas deberían maniatarte  
 adjudicarte una estampa gris y borrarte los trazos con ácido  
 ¿renunciar a ser yo para ser una escritora?  
 demonizaron lo gentil y lo esbelto de mi cuello y el  
 modo en que nace el cabello en la parte baja de mi nuca en este  
 club no admiten a chicas que anden tan bien arregladas  
 Desconfiamos del verano  
 La belleza corrompe.  
 Mira bien si te compensa todo esto.

*Profundidade de Campo [Profundidad de Campo]* (Espiral Maior, 2007; Editorial Biling., Visor 2009)

## A POESÍA É UNHA LINGUA MINORIZADA

Demostrant que la reflexió feminista no només ha de centrar els eixos de significat dels poemes, sinó que hauria d'impregnar de manera transversal subtemes, ambients, símls i altres elements secundaris com a teló de fons perpetu, aquesta segona estrofa en especial fa al·lusió a l'etern problema de la representació pública de les dones: mentre que la meitat de les habitants del món pateixen una terrible invisibilitat, a les que volen visibilitat també se'ls fa pagar per tenir-la.

Comezaría polo espesor. A súa acidez, o seu ph.

Camiña igual ca unha muller:  
entre o masacre do invisible  
e o campo de concentración da visibilidade.

Ladra estilo e final,  
unha épica hospitalaria.

No poema a linguaxe  
faise ouvidos xordos a si mesma,  
nel as palabras amplían  
o seu círculo de amizades.

Hai que masturbar o abecedario  
ata que balbuza cousas  
aparentemente inconexas.

Caixa de cambios da fala,  
acenos doutra orde.  
O sorriso do mosquito dentro da pedra de ámbar.

Non se trata de que non comprendas árabe.  
Non entendes

poesía.

## LA POESÍA ES UNA LENGUA MINORIZADA

Comenzaría por el espesor. Su acidez, su ph.

Camina igual que una mujer:  
entre la masacre de lo invisible  
y el campo de concentración de la visibilidad.

Ladra estilo y final,  
una épica hospitalaria.

En el poema el lenguaje  
se hace oídos sordos a sí mismo,  
en él las palabras amplían  
su círculo de amistades.

Hay que masturbar el abecedario  
hasta que balbucee cosas  
aparentemente inconexas.

Caja de cambios del habla,  
gestos de otro orden.  
La sonrisa del mosquito dentro de la piedra de ámbar.

No se trata de que no comprendas árabe.  
No entiendes

poesía.

*A Segunda Lingua [La segunda lengua]* (PEN Club de Galicia - Fundación Abanca, 2014; Editorial Biling, Visor, 2014)

## O SUBLIÑADO NON É MEU

El context d'aquest poema intenta transcendir l'amor romàntic, els estereotips d'amor conjugal etern, la negació del desig de les dones i totes les construccions socials, religioses, etc, sobre la fidelitat femenina. Al mateix temps, vol trencar també amb un món dual hetero-patriarcal i amb tots els estereotips que s'han construir socialment sobre aquest món.

Non dixen rosa, nin azul,  
non poñas iso na miña boca.  
Eu non dixen *queda clausurado o interior*,  
nin brindei por que queiramos todo canto debemos.  
Eu non prometín ser quen de poder xestionar o desastre,  
nin dixen que certas palabras  
me esquivasen coma cabaliños do demo.  
Non dixen *necesítote*, non conxurei providencias,  
nin un só dos cen nomes de deus  
viñeron pousar sobre os meus labios.  
Non poñas na miña boca  
palabras de *para sempre*,  
nin que os últimos complexos  
teñan saltado de min igual ca as pulgas.  
Non dixen patria nin matría,  
non poñas iso na miña boca.  
Non dixen *casa comigo*, nin  
limarei a miña vida ata que encaixe nos buratos.

Non houben ser eu quen rimou destino con desexo.

Non poñas iso na miña boca.

Pon mellor

iso

outro.

## EL SUBRAYADO NO ES MÍO

No dije rosa, ni azul,

no pongas eso en mi boca.

Yo no dije *queda clausurado el interior*,

ni brindé porque queramos todo cuanto debemos.

Yo no prometí ser capaz de gestionar el desastre,

ni dije que ciertas palabras

me esquivasen como las libélulas.

No dije *te necesito*, no conjuré providencias,

ni uno solo de los cien nombres de Dios

se vino a posar sobre mis labios.

No pongas en mi boca

palabras de *para siempre*,

ni que los últimos complejos

hayan saltado de mí como las pulgas.

No dije patria ni patria,

no pongas eso en mi boca.

No dije *cásate conmigo*, ni

*voy a limar mi vida hasta que encaje entre los huecos*.

No hube de ser yo quien rimó destino con deseo.

No pongas eso en mi boca.

Pon mejor

eso

otro.

*A Segunda Lingua [La segunda lengua]* (PEN Club - Fundación Abanca, 2014; ed biling, Visor, 2014)

## B

Aquest poema reprèn qüestions ja comentades més amunt sobre els estereotips i rols de gènere que recauen sobre les dones que fan el salt a la palestra pública. Sobre les dificultats a l'hora d'anar construint una identitat pròpia al marge de les construccions que projecta sobre nosaltres el patriarcat, amb tots els dubtes, incomoditats i contradiccions

tan intrínsecament humanes. El text parla amb certa ironia de tota aquesta expectativa que se'ns aboca contra nosaltres.

Cando deixo de ser flor,  
molesto.

Pero o duro era ser, o  
infatigablemente aciago.

Que eu contraese algunha seria doenza  
favorecería grandemente á miña obra literaria.

Como non teña traballo, marchó para Las Vegas.  
Nos Estados Unidos son máis guapa que en ningún sitio.

Pero teño sido agre e pretenciosa,  
teño sorriso por interese propia,  
*a axetreada capitalista sexy;*  
compensei polos meus días de impotencia.  
Ser  
é o difícil.  
Cando falei só contemplaron os meus labios.

Se me tomo un descanso iso  
faráme irresponsable?  
se son vulnerable  
serei pisoteada?  
se me fosen peor as cousas  
quereríadesme máis?

Unha profusa navalla é o proxecto da identidade,  
un reiseñor mecánico a tarde.  
Tanto *souvenir* acabará con Notre Dame  
Onde estabas cando te necesitei?

Cuando deixo de ser flor,  
molesto.

Pero lo duro era ser, lo  
infatigablemente aciago.

Que yo contrajese alguna seria dolencia  
favorecería enormemente a mi obra literaria.

Como no encuentre traballo, me marchó a Las Vegas.  
En los Estados Unidos soy máis guapa que en ningún sitio.

Pero he sido antipática y pretenciosa,  
he sonreído por mi propio interés,  
la ajetreada capitalista sexy;

compensé por mis días de impotencia.  
Ser  
es lo difícil.  
Cuando hablé sólo contemplaron mis labios.

¿Si me tomo un descanso eso  
me hará irresponsable?  
¿si soy vulnerable  
seré pisoteada?  
¿si me fuesen peor las cosas  
me querríais acaso más?

Una profusa navaja es el proyecto de la identidad,  
un rruiseñor mecánico la tarde.  
Tanto souvenir acabará con Notre Dame  
¿Dónde estabas cuando te necesité?

*De Profundidade de campo [Profundidad de campo] (Espiral Maior, 2007; ed biling, Visor, 2009)*

El següent text parla sobre la identitat que se sap femenina i entrelaçada per una forta marca de gènere. De com construir-se a poc a poc al marge del patriarcat i també de com desconstruir-se. De deixar de banda les projeccions, els rols i les expectatives i trobar-se a una mateixa, amb les parts més i menys afavorides davant del mirall. De posar en qüestió tot allò après, tot allò deglutit.

*A Yolanda*

Pero eu, filla das miñas fillas, hei dismantelar a golpe de deslumbramentos esta aciaga militancia dunha yolanda emigrante de min. Eu, a soberana estéril, a por desgracia egoísta. Debo tasar a dose exacta de memoria e esquezo. Así a miña visión da vereda é un rostro dende atrás. Todas as escuras raigames que se nacen en min. Non hai dirección que non me conteña, raza que non en min se comece e filas de díxitos extendendo para min os seus dedos ferais. O que interesa son os meus pasos. Coma un bosque de símbolos do que a miña ignorancia é significativa. Moito deixarse a pel pero eu non quixen aprender a chegar. Xardín exiguu, vento pechado de mans, infinita cuadrícula. Renuncio ó lugar do alento. Quero aprender a saír.

Hai tempo que un animal vive nutríndose do esquezo. Pero eu son a ventrílocua, eu, a tirana louca, a analfabeta. Co magnífico libro das venturas agochado na vulva. A que non comprendeu nada pero sentiuno todo. Son a ventrílocua, a que corre cantando polos corredores de chumbo, con voz de pizarra. E abortar foi unha obriga, unha necesidade fonda, un desafío. Para cando o pálido manto da miña memoria se vai cubrindo desta pel que eu serei. Que todas as noites con devoción escribo arrebatadoras cartas de amor e nas madrugadas panexíricos a esta yolanda mesquiña, que sabe venderse e coñece o final.

Son eu na cripta e o meu nome dentro debuxado de tiza. Habitacións concéntricas. Que a



miña intelixencia non compre o meu sentido. O tacto, o privilexio, as ganas de tirarse. Nin a miña cabeza será escrava do meu orgullo. Yolanda a soldada, a comerciante. Porque eu son a que nin agarda. Son o auriga do ardente carro. A egoísta porque está soa. Que tanta calamidade me satisface, porque a miña beleza fundará dinastías. E entón será ir cunha minuciosidade de devota recolleitando eses minúsculos e ditosos pedaciños de espello roto que eu son. Yolanda farame un fogar paupérrimo entre os seus brazos de mundo e así aprenderei a inenarrable alegría de ter casa.

*E entón virá ese postrímero advento e A Verba farase carne. E eu direi: "Eu son a da única estirpe de Adnalo, a que extenderá os seus dedos flamíxeros sobre o horizonte, a que baixará e despois se despojará do seu manto e vestirá un saial, e logo reclinarase e dará de comer o seu corazón ás bestas".*

\*\*\*

Pero yo, hija de mis hijas, he de dismantelar a golpe de deslumbramientos esta aciaga militancia de una yolanda emigrante de mi. Yo, la soberana estéril, la por desgracia egoísta. Debo tasar la dosis exacta de memoria y olvido. Así mi visión de la vereda es un rostro desde atrás. Todas las oscuras raigambres que se nacen en mí. No hay dirección que no me contenga, raza que no en mí se comience y filas de dígitos extendiendo para mí sus dedos ferales. Lo que interesa son mis pasos. Como un bosque de símbolos del que mi ignorancia es significativa. Mucho dejarse la piel pero yo no quise aprender a llegar. Jardín exíguo, viento cerrado de manos, infinita cuadrícula. Renuncio al lugar del aliento. Quiero aprender a salir.

Hace tiempo que un animal vive nutriéndose del olvido. Pero yo soy la ventrílocua, yo, la tirana loca, la analfabeta. Con el magnífico libro de las venturas agazapado en la vulva. La que no comprendió nada pero lo sintió todo. Soy la ventrílocua, la que corre cantando por los pasillos de plomo, con voz de pizarra. Y abortar fue un deber, una grave necesidad, un desafío. Para cuando el pálido manto de mi memoria se va cubriendo de esta piel que yo seré. Que todas las noches con devoción escribo arrebatadoras cartas de amor y en las madrugadas panegíricos a esta yolanda mezquina, que sabe venderse y conoce el final.

Soy yo en la cripta y mi nombre dentro dibujado de tiza. Habitaciones concéntricas. Que mi inteligencia no compre mi sentido. El tacto, el privilegio, las ganas de tirarse. Ni tampoco mi cabeza será esclava de mi orgullo. Yolanda la soldada, la comerciante. Porque yo soy la que ni espera. Soy el auriga del ardiente carro. La egoísta porque está sola. Que tanta calamidad me satisface, porque sí mi belleza fundará dinastías. Y entonces será ir con una minuciosidad de devota recogiendo esos minúsculos y dichosos pedacitos de espejo roto que soy. Yolanda me hará un hogar paupérrimo entre sus brazos de mundo y así aprenderé la inenarrable alegría de tener casa.

*Y entonces vendrá ese postrimero adviento y La Verba se hará carne. Y diré: "Yo soy la de la única estirpe de Adnalo, la que extenderá sus dedos flamígeros sobre el horizonte, la que bajará y después se despojará de su manto y vestirá un saial, y luego se reclinará y*

*dará de comer su corazón a las bestias”.*

Text a partir d'*O Libro da Egoísta [Libro de la Egoísta]* (ed biling, Visor 2006)  
i en el vídeo poema “*O vídeo da Egoísta*” (2003)

## PROMESA

Més sobre els estereotips i rols de gènere construïts pel patriarcat per a les dones: les suspicàcies sobre les dones lliures, el doble i afilat judici social envers elles, el qüestionament constant, l'amenaça de l'assetjament, els prejudicis masclistes una i altra vegada: la dura realitat i els indicis d'esperança per al futur.

*Traballo todo o día.*

Algúns vermes veñen habitar os meus tendóns.  
Cunha man  
recoñezo a multiplicidade da contenda,  
coa outra  
peiteo o universo.

Porque nada de bo se presupón baixo o meu corpo  
debo apiar quendas dobres para que saiban e  
ademais crean.  
Todos os vicios veñen da man desta virtude.  
Duplícanse as pupilas neste cuarto sen fiestras.  
Carros cargas coitelos corredores.

En horas extra ganchillo  
filigranas de sombra sen descanso.  
Teño que labrar a talla de  
detrás de cada paso un  
argumento.  
(Para cando unha boca se abre  
debo cociñar un sofisticado prato que lle tape os reproches).  
Todos os bechos da infamia se lanzan contra min.  
A estreitez do meu van malvende o meu descrédito.

Promesa de poder ser eu  
cando os meus peitos sucumban.  
Promesa de que o meu corpo  
pertence ás alimañas.  
Que todos os esforzos  
de apenas nada valeron  
e que só fica, ao final, o aceno  
da miña suposta beleza

ameazante.

## PROMESA

*Trabajo todo el día.*

Gusanos vienen a veces a habitarme los tendones.  
Con una mano  
reconozco la multiplicidad de la contienda,  
con la otra  
peino el universo.


Porque nada bueno se presupone bajo mi cuerpo,  
debo apilar turnos dobles para que sepan y  
además crean.  
Todos los vicios vienen de la mano de esta virtud.  
Se duplican las pupilas en este cuarto sin ventanas.  
Carros cargas cuchillos corredores.

En horas extra ganchillo  
filigranas de sombra sin descanso.  
Tengo que labrar la talla de  
detrás de cada paso un  
argumento.  
(Para cuando una boca se abre  
debo cocinar un sofisticado plato que le tape los reproches).  
Todos los bichos de la infamia se lanzan contra mí.  
La estrechez de mi cintura malvende mi descrédito.

Promesa de poder ser yo  
cuando mis pechos sucumban.  
Promesa de que mi cuerpo  
pertenece a las alimañas.

Que todos los esfuerzos  
de apenas nada valieron  
y que sólo queda, al final, el gesto  
de mi supuesta belleza  
amenazante.

*De Profundidade de campo [Profundidad de campo] (Espiral Maior, 2007; Editorial biling, Visor, 2009)*



### **Yolanda Castaño**

Yolanda Castaño és poeta, crítica literària i gestora cultural, nascuda a Santiago de Compostela l'any 1977. Després d'una trajectòria literària de 25 anys, textos traduïts a més de 30 llengües i llibres publicats a Itàlia, França, Regne Unit, Armènia, Macedònia i Sèrbia, Castaño és un dels noms més internacionals de la poesia gallega actual. Finalista del Premio Nacional de Poesía, els seus sis poemaris publicats (en edicions bilingües a Visor Libros) han estat reconeguts amb guardons com el d'*Ojo Crítico* de RNE o el de la *Crítica Española*. A més de dirigir la seva pròpia residència per a escriptors i escriptores a Galícia, és responsable, des del 2009, de diversos projectes estables amb poetes gallecs i gallegues i també internacionals: un festival anual, un cicle mensual de lectures i un taller de traducció poètica. El seu últim llibre de poemes és *O puño e a letra: antoloxía en cómic poético* (2018).